



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 11/08/2016.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Beceiro Couce.
D. Manuel Romero Castrillón.
D^a Silvia Fernández Muiño.
D^a María Belén Trigo Meizoso.
D. Eduardo Lourido Doval.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día once de agosto de dous mil dezaséis, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de xullo do presente ano dous mil dezaséis. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non ténndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. APROBACIÓN DE PLAN ECONÓMICO FINANCIERO.

Dase conta polo Sr. Soto da aprobación da liquidación do presuposto de 2015 mediante Resolución do 29/07/16 da que xa se deu conta á comisión informativa competente e da que o Pleno queda enterado, e de que, segundo os informes emitidos en relación coa mesma, o Concello non cumpriu co obxectivo de estabilidade orzamentaria nin co obxectivo de regra de gasto, polo que, en cumprimento do establecido legalmente, debe aprobarse un plan económico financeiro co contido indicado na normativa aplicable, para regularizar esta situación durante os exercicios





San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

económicos de 2016 e 2017, ós que abarca o plan. Expón o Sr. Soto as liñas principais da proposta de PEF, e o carácter coxuntural dos incumprimentos de que se trata, indicando que as súas causas principais son a participación do Concello no PAI da Deputación, que consistía nun préstamo con carencia bianual e sen intereses, que foi utilizado para investimentos sostibles, e polo recoñecemento extraxudicial de créditos procedentes de exercicios anteriores. Expón tamén brevemente as medidas propostas, que se centran no control do gasto, na racionalización administrativa e na mellora na xestión dos ingresos. O contido literal do Plan que se propón é o seguinte:

*"PLAN ECONOMICO FINANCIERO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO
PARA 2016 E 2017*

I. Introducción.

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de Sustentabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da Regra do Gasto, para os efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade (1,30% para 2015).

Mediante Decreto de Alcaldía de data do 29/07/16, apróbase a liquidación do orzamento municipal de 2015, onde se pon de manifesto o incumprimento da estabilidade presupostaria e da Regra de Gasto.

Estes feitos implican a necesaria formulación dun Plan Económico-Financeiro que permita, no ano en curso e o seguinte, o cumprimento da regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

II. Contido e tramitación.

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterà, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento da regra de gasto.*
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.*
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios en que se contabilizarán.*
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.*





San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

E o artigo 116. bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu apartado segundo, dispón que adicionalmente ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, o mencionado plan incluíra polo menos as seguintes medidas:

a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.

b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.

c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.

d) Racionalización organizativa.

e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.

III. Situación actual.

A liquidación do presuposto do ano 2015 ofrece as seguintes magnitudes:

A) Resultado presupostario do exercicio de 2015:

1) Dereitos recoñecidos netos: 2.901.528,79

2) Obrigas recoñecidas netas: 3.081.517,08

3) Resultado presupostario (1-2): - 179.988,29

4) Desviacións positivas de financiación: 0

5) Desviacións negativas de financiación: 0

6) Gastos financiados con remanente líquido de tesorería: 228.592,72

7) Resultado de operacións comerciais: 0

8) Resultado presupostario axustado: 48.604,43

B) Estado de remanente de tesorería:

1) (+)

Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio: 511.477,28

2) (-)

Obrigas pendentes de pagamento en fin de exercicio: 407.322,37

3) (+) Fondos líquidos de tesoureiría a fin de exercicio: 448.265,87

4) (-) - Remanente de tesoureiría afectada a gastos con financiación afectada e saldos de dubidoso cobro: 81.742,81

- Partidas pendentes de aplicación: 6.766,03

5) Remanente de tesoureiría para gastos xerais: (1-2+3-4): 463.911,94

6) Remanente de tesoureiría total: 545.654,75

C) Cuantificación do remanente de tesoureiría: 463.911,94.

Por outra parte, con motivo da elaboración e aprobación da Liquidación do exercicio 2015 a Intervención municipal levou a cabo a emisión dos informes correspondentes ao cumprimento do





San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda. E de tales informes conclúese o seguinte:

1º.- O concello da San Sadurniño cumpre co límite da débeda xa que dos informes de Intervención da Liquidación do exercicio 2015 se deduce que ten a 31/12/2015 unha débeda viva por importe de 193.887,53 euros, derivada da participación deste Concello nun plan da Deputación Provincial, o Plan de Aforro e Investimento 2015. O nivel de débeda así calculado estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e por debaixo do 75 % límite que establece a Disposición Adicional 74ª da LPGE para 2014.

2º.- Os cálculos relativos á capacidade/necesidade de financiación realizáronse dentro da plataforma da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. O resultado é unha necesidade de financiación por importe de 545.163,85 euros.

3º.- Os cálculos relativos á regra de gasto realizáronse tamén dentro da plataforma da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. O resultado reflicte unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable da liquidación de 2015 por importe de -342.275,30 euros, derivada dun incremento do gasto computable do 23,16% respecto do 2014.

En consecuencia, e ante tal incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, a aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira fai necesario a elaboración dun plan económico financeiro que lle permita ao Concello recuperar a situación de equilibrio.

Por último, cómpre lembrar que con ocasión da aprobación do Orzamento do exercicio 2016 este Concello cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, co límite de débeda e coa regra de gasto para 2016.

IV. Causas do incumplimento da estabilidade presupostaria .

Considérase que as causas principais do incumprimento da regra de gasto e do obxectivo de estabilidade presupostaria son as que de seguido se indican:

- O importe de facturas pendentes de aprobación a 31 de decembro de 2015 por falta de crédito orzamentario, é dicir, en base o saldo da conta 413.

- O incremento no volume de facturas pendentes de imputar o Orzamento a finais de exercicio, que incumpriu a previsión fixada coa confección do Orzamento do exercicio 2015.

- A aprobación de expedientes de modificación de créditos para incorporación de remanente de tesoureiría para gastos xerais por importe de 270.677,08 euros.

Atendendo a criterios presupostarios, a Orde HAP 419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Presupostos das Entidades locais, dispón que as aplicacións ao presuposto dos ingresos contidos no remanente de tesouraría recolleranse, ao longo do exercicio, no capítulo 8 do presuposto de ingresos de cada entidade local, sen que en ningún caso tales ingresos poidan formar parte dos créditos iniciais do presuposto. Considerando o exposto, o remanente de tesouraría configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación presupostaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, se financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade presupostaria e, posiblemente, o límite fixado pola regra de gasto.





San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O remanente de tesouraría configúrase como un ingreso financeiro que financia gastos de carácter non financeiro, polo que dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade presupostaria e, potencialmente, do límite da regra de gasto e esixirá a aprobación dun plan económico financeiro, posto que, conforme á normativa actual, xera inestabilidade presupostaria no momento de executar a modificación presupostaria.

O remanente de tesouraría, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfase entre a execución duns ingresos presupostarios e as obrigas recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigas de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo

En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesouraría por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit presupostario no momento da liquidación do presuposto.

Sentada a natureza do remanente de tesouraría afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade presupostaria e, se é o caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesouraría afectado se lograría coa simple aprobación do presuposto do exercicio seguinte en situación de equilibrio presupostario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural ningunha dada a natureza do remanente de tesouraría afectado no ámbito da Administración local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida.

- A participación da entidade no Plan de Aforro e Investimento 2015 da Deputación Provincial, debido ás seguintes consideracións: op cómputo de ingresos e gastos a efectos de cálculo da estabilidade límitase ós capítulos 1 ó 7, tanto en ingresos como en gastos, polo tanto os ingresos computables nos capítulos 8 e 9, de carácter financeiro (agás os procedentes do remanente de tesoureiría para gastos xerais) cos que se financien gastos correspondentes ós capítulos do 1 ó 6 da clasificación económica de gastos, computarán como gasto, pero non como ingreso. Por esa razón os investimentos realizados con ingresos procedentes do PAI 2015 da Deputación (as obras de "Pavimentación dos camiños de Cadavás, O Seixo, A Fraga e outros", contratada por 53.119 euros, "Centro Municipal de Empresas", contratada por 57.831,68 euros e "Casa da Xuventude", contratada por 82.936,85 euros), que corresponden ó capítulo 9 de ingresos pola súa natureza de crédito, xa indicada nas propias bases do PAI 2015 e foron contratadas e executadas con cargo a créditos do capítulo 6 de gastos, computan como gasto pero non como ingreso a efectos de estabilidade, xenerando unha diferenza negativa polo seu importe no cálculo do cumprimento ou incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria. Cómpre especificar que o préstamo de que se trata convocouse e concedeuse pola Deputación Provincial, outra administración pública, que o seu destino foi a execución de investimentos financeiramente sostibles, que ten dous anos de carencia, 2016 e 2017, nos que non devengará custe algún e que está libre de intereses, polo que supón unha fonte de financiación totalmente gratuita para os concellos.

Considérase que este incumprimento ten un carácter coxuntural e non estrutural, por canto que se trata dunha incorporación financiada con remanente de tesouraría para gastos xerais e da participación nun plan público de financiación diferida de investimentos financeiramente sostibles. En consecuencia, se





descontamos estas obrigas, resulta que se cumprirá o obxectivo da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria.

Segundo a modificación introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento. En consecuencia, este concello, e así queda reflectido no presente plan, deberá volver á situación de equilibrio con data máxima o 31 de decembro de 2017. Este é, pois, o horizonte temporal deste plan.

V.-Medidas a adoptar para corrixir a situación.

Á vista do anterior, como consecuencia do incumprimento da estabilidade presupostaria do Concello de San Sadurniño debe aprobar un Plan Económico Financeiro conforme á LOEPSF, no que se recollerán as medidas necesarias para corrixir esta situación conxuntural de incumprimento, que se indican neste apartado do presente Plan.

Primeiramente, hai que dicir que o presuposto municipal para o exercicio 2016 foi aprobado inicialmente por acordo plenario do 9 de xaneiro de 2016, o cal foi elevado a definitivo unha vez finalizado o período de exposición pública sen a presentación de alegacións.

O presuposto municipal de 2016 cumpre cos obxectivos de estabilidade presupostaria tal e como queda exposto no informe de Intervención que o acompaña e como así se remitiu o Ministerio de Facenda

VI. Conclusións.

Para o exercicio 2016, hai que ter xa en conta que a aprobación do Orzamento do Concello para este ano deu lugar ao seguinte detalle:

CAPITULO	INGRESOS	GASTOS
CAP. 1	681.500,00 €	1.195.069,00 €
CAP. 2	15.000,00 €	778.600,00 €
CAP. 3	287.400,00 €	0,00 €
CAP.4	1.170.000,00 €	94.000,00 €
CAP. 5	11.000,00 €	0,00 €
CAP. 6	1.000,00 €	708.231,00 €
CAP.7	612.000,00 €	2.000,00 €
TOTAL	2.777.900,00 €	2.777.900,00 €

Cos datos anteriores, resulta que o Concello está na seguinte situación:

- Cumpre inicialmente a regra de gasto.
- Cumpre inicialmente co obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- Cumpre co nivel de débeda pendente segundo os datos de débeda viva a 31/12/2015.

Para os anos 2016 e 2017, as medidas que se propoñe adoptar serían as seguintes:

- Dar máxima importancia ao principio de anualidade orzamentaria, de xeito tal que se porá todo o empeño posible para que todos os gastos correspondentes ao ano en curso sexan executados íntegramente durante o mesmo ano. No caso de existir a finais do presente exercicio 2016 facturas pendentes de aplicar o Orzamento por falta de crédito, incluír dita estimación nos créditos iniciais do exercicio 2017.





- Manter o período medio de pago (PMP) por debaixo do límite legal de 30 días, tentando manter o calculado segundo o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desarrolla a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

- Limitar a utilización do Remanente de Tesourería para o financiamento de gastos (tanto o Exceso de Financiamento Afectado como o Remanente Líquido de Tesourería), adoptando medidas compensatorias, no caso de ser necesario e inevitable acudir a este recurso para financiar determinados gastos

- Xestionar os orzamentos dos exercicios 2016 e 2017 coa máxima atención ao cumprimento da estabilidade e da regra de gasto. Para isto, nos expedientes de recoñecemento extraxudiciais de créditos que se aproben polo Pleno Municipal e pola Alcaldía nesos exercicios, sempre se procurará que o crédito dispoñible non se utilice para incrementar o gasto computable.

- O Presuposto de 2016 xa foi aprobado cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto e nivelado en canto á relación entre ingresos e gastos.

Con todo o anterior, preténdese alcanzar coa liquidación do exercicio 2016 de novo a situación de equilibrio e mantelo durante o exercicio 2017.

Con relación ás estimacións dos ingresos, cómpre sinalar que como previsións de dereitos recoñecidos netos en 2016 e 2017 se parte dos datos que figuran na Liquidación do Orzamento do Concello para o exercicio 2015, aínda que na execución final do Orzamento dos exercicios 2016 e 2017 tamén figurarán as modificacións orzamentarias que se poidan efectuar en función dos recursos afectados provenientes doutras administracións públicas. Agora ben, dado que este dato non se coñece con total seguridade a día de hoxe, pártese só das subvencións previstas nas consignacións iniciais a efectos de calcular a regra de gasto.

Con todo isto e os escenarios que a continuación se van describir estaríamos a dar cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, en canto a estimacións que son posibles realizar neste concello cos datos de que se dispón.

En relación ao contido adicional que a Lei 27/2013 ven a fixar para o plan económico financeiro, considera esta Alcaldía que procede destacar as seguintes apreciacións:

- Non se considera necesario suprimir competencias distintas das propias e das exercidas por delegación, por canto que se trata de manter un nivel de orzamento similar ao que ven sucedendo en exercicios anteriores, nos que se presuposta con prudencia e tratando de evitar distorsións posteriores.

- En canto a xestión integrada e coordinada dos servizos obrigatorios que presta o Concello para reducir custes, tratarase de cumprir tendo en conta as actuacións que a Deputación Provincial poida realizar en canto a contratación dun estudo sobre os custos dos servizos obrigatorios que prestan os concellos a fin de que determine cal é a mellor forma de prestar os mesmos, dando así cumprimento ao disposto no artigo 26 da LBRL como consecuencia da modificación introducida pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

- Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta o concello. De momento non se considera necesario profundizar na aplicación desta medida por canto que basicamente o que se vai pretender é reducir o gasto no exercicio 2016 e que sexa esta contención do gasto a que permita recuperar a situación de equilibrio. No caso de que á hora de executar o orzamento do exercicio 2017 se observe que as previsións de ingresos non se están a cumprir ou que por algún motivo excepcional hai que gastar máis do previsto, tratarán de tomarse medidas entón de cara a aumentar ingresos naqueles conceptos en que así sexa posible, e que sexa esta contención do gasto a que permita recuperar a situación de equilibrio. Asemade, instarase a maximizar a eficiencia e eficacia na xestión dos ingresos públicos que legal e normativamente ten estipulados este Concello.





San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Considérase preciso facer constar neste sentido que o Concello está a realizar esforzos para adecuar o nivel dos ingresos ó custe dos servizos prestados, como o incremento nun 25% das cuotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica que precisamente comeza a súa aplicación na presente anualidade 2016, o que representará un incremento nos ingresos de arredor de 27.500 euros. Tamén aprobouse recentemente unha modificación da ordenanza fiscal reguladora da expedición e documentos administrativos na que se introducen algúns feitos imponibles novos e finalmente, agárdase un importante incremento na recadación polo Imposto de Bens Inmóveis como consecuencia de novas altas e modificacións catastrais en bens que nos últimos anos sufriron modificacións nos seus valores. Asemade, a previsión de ingresos por transferencias correntes e de capital para programas de periodicidade anual pronostícanse como maiores que nos exercicios 2015 e anteriores.

- Racionalización organizativa. Considérase convinte incidir nun proceso de modernización administrativa dada a súa potencial incidencia nun mellor aproveitamento dos custes de xestión, polo que xa se está executando un programa de actuación que rematará coa aprobación dun Documento de actualización e mellora dos procesos clave na xestión administrativa desta institución, que vai redundar nun incremento na eficacia e eficiencia deses custes administrativos e de xestión

- Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio. Este concello non ten entidades desta natureza.

- Proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia. Considérase que tampouco se trata dunha medida necesaria por canto que tal e como se ven demostrando este Concello, a pesares do seu orzamento limitado, ten capacidade suficiente para seguir prestando os servizos básicos que presta aos seus veciños sen ser necesario fusionarse con outros.

Por último, se considera que as medidas propostas son coherentes coas variacións interanuais das previsións orzamentarias respectivas.

VI. CONCLUSIÓNS

Á vista do contido deste plan exposto nos apartados anteriores, formulo as seguintes conclusións:

- No informe emitido pola Intervención municipal en relación á Liquidación do exercicio 2015 constatouse o incumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF.


- Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

- Considérase que unha vez aplicadas as medidas contidas no presente plan, o Concello de San Sadurniño cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto ao final do periodo que comprende os exercicios 2016 e 2017, con ocasión da aprobación da liquidación dos mencionados exercicios. Estímase entón que nese momento se producirá unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional. Tamén se estima un volume de débeda viva moi inferior o legalmente previsto como límite."

O asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa permanente de facenda e especial de contas.

Interven de seguido o Sr. Lourido, que fai referencia ós informes favorables no expediente, indicando que o nivel de débeda viva do Concello está moi por debaixo do límite legal, e defende a utilidade social dos investimentos realizados coa financiación do PAI.

O Sr. Romero cede a palabra á Sra. Trigo, que foi quen asistiu á comisión informativa. A Sra. Trigo di que a información facilitada ó seu grupo foilles entregada sen tempo suficiente para o seu





estudo, e pregunta como é posible que exista inestabilidade e sexa necesario aprobar un plan económico financeiro cando se dixo que o Concello tiña superavit e cal foi a razón de que non se pagasen antes as facturas que explicou o Sr. Soto.

O Sr. Alcalde di que no ten nada que ver o superávit co cumprimento da regra de gasto e que o plan tampouco ten que ver co tema das facturas, senon que se trata dunha corrección técnica relacionada coas limitacións ó crecemento do gasto impostas polo goberno, e que neste caso o incumprimento derivouse da realización de investimentos.

A Sra. Trigo pregunta se eran tan necesarios os investimentos que se fixeron co PAI e que agora haberá que devolver, e como pode ser que o nivel do presuposto de 2016 sexa similar ó de 2015 cando se subiu o imposto sobre vehículos e se aplicaron novos valores catastrais, ademais de reducir o importe do gasto corrente do capítulo 2. Pregunta polas causas do incremento de 113.000 euros en gasto de persoal e pola posible aplicación doutras medidas de incremento dos ingresos, e di que as modificacións que se fan teñen carácter recadatorio. Finalmente propón unha racionalización do gasto, contratando se é preciso unha consultora externa, e un reparto equitativo do traballo entre o persoal municipal, deixando aparte o servizo de axuda a domicilio, que é moi necesario. Aprecia contradicións na proposta de plan económico financeiro, polo que anuncia o voto contrario do seu grupo, que non será relevante para a votación. Remata pedindo que se vaia facendo unha hucha pequena, porque vai facer falta.

Toma a palabra o Sr. Soto, para dicir que a Sra. Trigo non deu unha e que os seus argumentos son absurdos. Di que a Deputación, na anterior lexislatura na que foi presidente Diego Calvo, con bo criterio, decidiu utilizar uns remanentes que non podían ser adicados a investimentos, a un plan de préstamos sen interese e con dous anos de carencia, para a realización polos concellos de investimentos financeiramente sostibles, con criterios obxectivos de reparto basados nos do POS. O goberno municipal, entendendo que había investimentos urxentes, participou nese Plan para realizar investimentos que agora están a entrar en servizo. En relación co presuposto, trátase dunha previsión que se fai antes do inicio do exercicio económico, e no deste ano non se prevé reduccion do gasto corrente. O incremento do gasto en persoal ven derivado do aboamento de parte da paga extra suprimida en 2012. E o resto das previsións axústanse ó principio de cautela, unido á posibilidde de xerar crédito cando se dispoña de financiación superior á presupostada. En canto ós incrementos en ingresos, soamente se fixo no imposto de vehículos, non no resto dos ingresos, por moitas veces que o repitan, e resposta a un modelo que cre que desde o público pódese mover a economía. Soamente haberá incrementos de tributos se os impón o Estado, como xa fixo con anterioridade, como cando se aprobou o incremento do IBI cos votos do PP. E nin se poden facer huchas pequenas nin é necesario, a hucha do Concello está a salvo, e ten máis cartos que cando entrou este goberno, aínda que menos que o ano pasado. En canto á eficiencia, se pode mellorar e xa se están a facer estudos externos neste ámbito, analizando os procedementos utilizados no Concello. Finalmente, en servizos sociais, nos que se empregou o 20% dos recursos, non se fixeron recortes nin se cobraron cantidades por enriba do convenio con finalidade recadatoria; é un servizo que medra cada ano, aínda que tamén se poden mellorar cousas.



O Sr. Alcalde interven para puntualizar que quen estaba convocado en prazo para a comisión informativa era o Sr. Romero, e que a documentación entregouse dentro do prazo legal. O Sr. Romero di que para o estudo adecuado deste tipo de expedientes fai falta unha semana como mínimo. O Sr. Alcalde di que se convocou unha semana antes, excedendo da antelación esixida pola lei.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos do PP, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan Económico Financeiro 2016-2017 deste Concello.

2º.- Ordear a exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

3º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Plan.

4º.- Order a remisión de copias do Plan Económico Financeiro 2016-2017, unha vez aprobado definitivamente, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

TERCEIRO. MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL DO ORZAMENTO DE 2016.

Dase conta polo Sr. Soto da necesidade de crear na plantilla de persoal unha praza de administrativo, grupo C1, para a área de intervención e contabilidade, por acumulación de tarefas, un dos supostos nos que a lei admite a contratación de persoal interinamente polo prazo máximo de seis meses.

O Secretario pide a palabra para explicar que a financiación desta praza durante 2016 esixirá a tramitación dun expediente de modificación de créditos para resolver a súa dotación económica, sen incremento do gasto en persoal.

O asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa permanente de facenda e especial de contas.

Toma a palabra o Sr. Lourido, para abogar polo emprego de calidade, decindo tamén que no estudo de procedementos que se está a facer, deberían especificarse con claridade as funcións de cada posto, incluíndo a súa realización durante as vacacións do persoal, e se facilite o acceso a ese documento ós concelleiros. Finalmente, indica que a creación desta praza resposta ás solicitudes formuladas en varios informes do secretario-interventor.

Fala de seguido o Sr. Romero, para dicir que o gasto en persoal do presuposto considérase excesivo, e que sen cuetionar o traballo de ninguén en particular, pensan que debe mellorarse a organización, acudindo se é preciso a unha consultora externa, para aplicar as medidas reorganizativas que sexan precisas. Por exemplo, no caso da educadora familiar, pensan que debería ser substituída. Di tamén que hai anos había máis habitantes e menos traballadores no Concello, e reitera a solicitude de melloras na organización e unha adecuada valoración de cada posto de traballo acompañada dun reparto adecuado de tarefas.





San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Soto di que o estudo dos procedementos administrativos xa se está facendo, e que as características de cada posto de traballo xa están na Relación de Postos de Traballo que o Concello aprobou en 2010 e da que se pode entregar unha copia ós concelleiros. En canto á substitución da educadora familiar, non se considerou operativa unha substitución para uns poucos meses, polo que as súas funcións repartíronse entre outros postas, reorganizando o departamento de servizos sociais.

O Sr. Alcalde interven para indicar que desde 2007 a plantilla soamente se incrementou en auxiliares do SAF e nalgún posto de técnico, parcialmente financiado por outras administracións. En canto á redución da cifra de poboación, di que se debeu sobre todo á depuración do padrón cando se fixo a numeración das vivendas.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos do PP, acorda modificar a plantilla de persoal funcionario do Concello para crear unha praza de administrativo, grupo C 1, ordeando a realización dos trámites necesarios para a efectividade deste acordo coa brevidade posible, e dispor a incoación dun expediente de modificación de créditos para habilitar crédito destinado á provisión desta praza no presente exercicio 2016, sen incremento do gasto.

CUARTO. ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL AO ABEIRO DA ORDE DO 13 DE XULLO DE 2016.

Dase conta do contido da Orde do 13 de xullo de 2016, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020), e do expediente iniciado para a solicitude de subvención para a climatización da escola infantil municipal, segundo o solicitado pola ANPA do centro e pola empresa concesionaria. Segundo o establecido no artigo 8-2-e) desa Orde, o acordo de solicitude debe ser adoptado polo Pleno do Concello.

O asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa permanente de facenda e especial de contas.

O Sr. Lourido amósase conforme coa proposta, e o Sr. Romero di que o seu grupo tamén está conforme coa climatización dese espazo, pero pensan que debería terse feita dende o principio. O Sr. Alcalde di que entón habería costado máis.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda solicitar subvención ó abeiro do establecido na referida Orde do 13/07/16, para a climatización da escola infantil municipal, aceptando as condicións e requisitos establecidos na convocatoria.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e dezaseis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,